

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE VIGO

Segundo establece a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante AGASP), este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería competente en materia de interior e xustiza, que ten as funcións de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos da Policía Local.

Conforme aos artigos 140 da Constitución Española e 11 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os municipios son entidades locais territoriais con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

A formación de actualización e especialización dos policía locais é unha actividade fundamental para o desempeño das súas funcións e para acadar máis eficiencia no seu traballo.

En consecuencia, de acordo cos principios de eficacia e descentralización da actuación administrativa, a AGASP pretende acercar a formación aos centros de traballo dos destinatarios cando se trate de accións formativas nas que non sexa indispensable o uso das instalacións da AGASP, e se poidan desenvolver fóra da súa sede con igual ou semellante resultado.

A tal fin, a AGASP quere acordar cos concellos que dispoñan de Corpo de Policía Local para o exercicio das competencias atribuídas en materia de seguridade en lugares públicos, ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas e policía administrativa; a subscripción dun convenio de colaboración para a mutua cooperación na realización de actividades formativas dos/das policía locais dese concello.



Así, en base o anteriormente mencionado e tendo en conta o esixido polo apartado segundo do artigo 11 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, non é posible promover a concorrência pública polas especiais características das actividades a desenvolver.

Non obstante, ao efecto de proceder a sinatura do correspondente convenio de colaboración, e con carácter previo solicítase informe da Asesoría Xurídica, segundo o disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

A Estrada, na data da sinatura dixital

O director xeral da AGASP

Santiago Villanueva Álvarez

